

Benqueridas amigas e amigos:

Hai 21 anos xuntámonos neste mesmo espazo para agradecer á comunidade do Cristo da Victoria o apoio e o compromiso co noso grupo Imán, no acompañamento ás persoas doentes, na denuncia das inxustizas e na reivindicación dos dereitos das máis excluídas.

Hoxe, de volta aquí, con fonda emoción, queremos ler en primeiro lugar o manifesto daquel 29 de xaneiro de 2004, que tantas lembranzas nos trae:

Benqueridas amigas e amigos da comunidade parroquial Cristo da Victoria de Coia:

Cando o pasado 18 de outubro do pasado ano, no encerro que levamos a cabo nos vosos locais parroquiais, onde unha vez mais reivindicábamos se tiveran en conta propostas na reforma da Renda de Integración Social de Galicia-Risga, ofreciamos a vosa comunidade este cedro que hoxe imos plantar no xardín da vosa-nosa igrexa, nesta terra fértil, nai de mulleres e homes, que nos peores momentos do avance imparable da sida tivemos a sorte de atoparnos e a partir de aí camiñamos xuntos nunha loita seria, reflexiva, tenra e tenaz.

Acompañástesnos nos peores momentos no traballo de preparación para a morte, acompañamento e duelo; nas tenaces reivindicacións para que se puxeran en marcha programas de metadona e redución do dano nas cadeas de Galicia; estivestes con nos nos actos e xestións reivindicativas para a posta en marcha dunha Unidade intrahospitalaria de Coidados Paliativos, nas reivindicacións para conseguir a aplicación da normativa de réxime interior das prisións para a excarceración dos enfermos graves; estivemos xuntos xestionando e reivindicando mais camas sociais para mulleres sen teito na nosa cidade; nos mobilizamos pola reforma de renda de integración social de Galicia; collemos xuntos os paos das pancartas en contra da guerra en Iraq. Sentimos o voso calor nas visitas aos hospitais, as nosas casas ou choupanos; o camiño de Santiago, nas excursións, nas xuntanzas en Cedro e na parroquia.

Algúns fillos nosos, fillos da pobreza, acougaron nas vosas cunas e vestiron as primeiras roupas doadas por vós, roupas que cheiran a solidariedade da boa. Sacastes dalgún choupano algún doente gravemente enfermo. Identificástesvos publicamente con nomes e apelidos cos programas de prevención, co uso do preservativo, porque sodes cristiáns; co intercambio de xiringas porque sodes intelixentes. Soubestes compartir os momentos de recaída no consumo de substancias, sen alarmismos, maximalismos, rexeitamento porque sodes profundamente tolerantes.

Foi e é tan importante a vosa compañía que sentimos celos cando, en temas de urxencia, como a vosa dedicación a loita contra o chapapote, non vos tiñamos tan preto.

Xa temos un libro “A sida: Premios relato curto e poesía”; hoxe plantamos un cedro, porque así chámase a unidade asistencial de drogodependencias concello de Vigo onde naceu o noso grupo.

Entre as raíces desta árbore e a fértil terra do voso xardín, depositamos terra do xardín de Cedro, onde está plantado un rosal que fai anos nos regalastes. Imos meter nesta terra os nomes dos compañeiros e compañeiras do grupo xa finados e outros recordos materiais, desexos e fantasías e sobre todo a palabra “gracias” a esta excepcional parroquia.

Fai anos nun acto especialmente emotivo o grupo propuxemos que a imaxe do Cristo que tedes na igrexa fora para nos o Cristo da sida e dos pobres, Cristo que a partir de agora estará acompañado por este cedro que simboliza o agradecemento do noso grupo as mulleres e homes desta parroquia.

Gracias.

Estas eran as palabras que limos aquel 29 de xaneiro de 2004 e hoxe, 21 anos despois, na véspera do Día Mundial da SIDA, queremos lembrar, con agarimo e gratitude, o camiño percorrido polo grupo de autoapoio VIH/SIDA IMAN da Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Vigo (CEDRO) dende 1990 a 2013. Un camiño feito de coraxe, aprendizaxe compartida e esperanza.

Nos comezos do grupo, hai xa 35 anos Vigo enfrontábase a un drama social que marcou barrios enteiros e milleiros de vidas. A sombra do consumo de substancias aditivas e as súas graves consecuencias biopsicosociais ferían profundamente á nosa comunidade. Vivíase con medo, con inseguridade, con moitas preguntas sen resposta. A estigmatización, o rexeitamento e o sufrimento das persoas afectadas e das súas familias deixaron pegadas que aínda lembramos. O binomio heroína intravenosa–VIH/SIDA trouxo consigo pobreza, dor e soidade.

Mais tamén, nese tempo escuro, xurdiron luces. A través das dinámicas grupais e do traballo sociocomunitario naceu o que chamamos POLITICOTERAPIA, termo que rexistramos o 20 de outubro de 2013 e que consistía en intervir en sociopolítica coa intención de conseguir obxectivos terapéuticos. Unha maneira de acompañar, aliviar e transformar desde o encontro, a palabra e o apoio mutuo. Un espazo onde a impotencia se convertía en acción, e o medo, en comunidade.

Nese camiño liberador da politicoterapia, traballamos, por exemplo, coa técnica xapoñesa “KIN SUGI-KIT”, que consistía en restaurar cerámicas unindo as pezas rotas cunha laca especial e resaltando as cicatrices con polvo de ouro, prata ou platino. Ou atopando exemplos na natureza, como o das ostras, que cando un corpo estrano e/ou tóxico entra no seu manto soltan unha substancia que vai recubriendo ese corpo a través do nácar, dando como resultado pasados os anos unha fermosa perla. Ou recuperando tamén o concepto da metanoia, que na filosofía, na psicoloxía e na teoloxía se refire a unha profunda transformación interna, que implica unha reorientación de valores e unha nova forma de ver o mundo, e que nos lembra que a revolución interior é imprescindible para o triunfo da revolución colectiva.

Hoxe, no corazón da comunidade parroquial do Cristo da Victoria, queremos volver mirar a ese pasado para aprender del, e para reivindicar valores que nunca pasan de moda: humanidade, ciencia, solidariedade e empatía. Recuperamos a POLITICOTERAPIA como ferramenta para seguir reparando feridas, para recoñecer ás persoas que resistiron e para honrar o camiño de quen xa non está.

Hoxe estamos mellor. Avanzamos como sociedade, como cidade e como comunidade. Pero sabemos que o camiño non está rematado e que queda moito por facer para que ninguén máis teña que vivir na sombra nin coa carga do estigma.

Memoria, Reparación e Recoñecemento.